



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL E A ASOCIACIÓN "SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO
SAHARAUÍ" QUE DESENVOLVE O PROGRAMA VACACIÓNS EN PAZ 2020**

Santiago de Compostela, **10 MAR. 2020**

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 98/2018, do 26 de setembro, do seu nomeamento, o Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e a Resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, dona Maite Isla Avión, con DNI 35.544.300-P, en calidade de presidenta da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, con NIF G15924558, e con domicilio social en Avda. Alcalde Gregorio Espino, 57 baixo, 36205 - Vigo (Pontevedra).

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecendo mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro, e en virtude de dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13.1.b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000, do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, do 28 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

Tamén a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no artigo 4º letra f) que os poderes públicos fomentarán a solidariedade como valor inspirador das relacións entre as persoas e os grupos sociais e impulsarán a implicación cidadá na superación das condicións que provoquen situacións de



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



marxinación, dando prioridade ás accións encamiñadas ao logro e consolidación de formas organizadas e estables de solidariedade.

Quinto.- A Lei 3/2003, do 19 de xuño, de cooperación para o desenvolvemento, establece no seu artigo 11, que a cooperación galega para o desenvolvemento pode ser executada pola Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou a través de organizacións non gobernamentais e que a Comunidade Autónoma de Galicia poderá conceder subvencións, subscribir convenios ou articular calquera outra forma regrada de colaboración cos axentes de cooperación para a execución de programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento, sempre que estes teñan carácter non lucrativo e que aqueles dispoñan de estruturas e experiencia para a súa execución.

Que de conformidade co establecido no apartado f) do artigo 8 da Lei 3/2003, de 19 de xuño, existen ámbitos de actuación preferente onde concentrar os recursos de cooperación, entre os que se atopan as accións positivas "en defensa dos grupos de poboación máis vulnerables, con especial incidencia na infancia, os refuxiados, os refuxiados políticos desprazados, os retornados, as minorías étnicas e as comunidades indíxenas entre outros".

Sexto.- De acordo co IV Plan Director da cooperación galega para o desenvolvemento 2018-2021, establécense unha serie de prioridades xeográficas, transversais e sectoriais, entre as que se atopa a continuidade co traballo coa Poboación Saharauí entre outras.

No Plan Anual 2020 da Cooperación Galega recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios do goberno galego para este ano e describe os compromisos xa adquiridos ou previstos pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, co seu correspondente orzamento (100.000 €), sen prexuízo de que ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia poidan desenvolver actuacións en materia de cooperación cuxa valorización se realizará ao final do exercicio.

Sétimo.- A Asociación "Solidariedade Galega co Pobo Saharauí", inscrita no rexistro de axentes de cooperación para o desenvolvemento, na sección de ONG co número A-177 desde o ano 2004 ten, entre outros fins, o de contribuír á mellora das condicións de vida tanto dos refuxiados e refuxiadas saharauís, como da poboación residente no Sáhara Occidental.

Que en cumprimento dos seus fins, a Asociación "Solidariedade Galega co Pobo Saharauí" puxo en marcha un programa de "Vacacións en Paz", que ten como obxectivo o traslado a Galicia, de xeito temporal, de menores saharauís procedentes de campamentos de refuxiados de Tindouf (Alxeria), ofrecéndolles a



posibilidade de coñecer modos de vida distintos ao clima de guerra no que están inmersos acotío de xeito que iso contribúa á súa formación persoal e enriqueza as súas formas de comunicación e entendemento.

Oitavo.- Que en consecuencia, e tendo en conta os obxectivos perseguidos co programa "Vacacións en Paz", cabe soste que esta actuación constitúe un obxectivo prioritario no marco da planificación económica en materia de cooperación para o desenvolvemento, e correspóndelle á Consellería de Política Social participar no seu desenvolvemento.

Tamén se considera un obxectivo prioritario para esta consellería o fomento dos acollementos familiares como medida de protección para os/as menores, e considerase que a asociación colaboraría neste obxectivo mediante a súa difusión ás familias participantes por ser un colectivo especialmente sensibilizado coas necesidades dos/das menores.

Noveno.- Que en consideración co exposto e en cumprimento do previsto no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta a especificidade do obxecto da colaboración, considérase conveniente a subscripción do presente convenio de colaboración coa asociación "Solidariedade Galega co Pobo Saharauí".

Tanto pola experiencia en cooperación para o desenvolvemento desta asociación, como polos coñecementos específicos dos problemas que lle afectan ao pobo saharauí e polos traballos que con el ven realizando, en especial cos/coas nenos/as procedentes dos campamentos de persoas refuxiadas saharauís en Tindouf (Alxeria), esta organización está especialmente indicada para levar a cabo o programa "Vacacións en Paz 2020", polo que non resulta posible promover a concorrência pública.

Décimo.- Ambas as partes, polo tanto, consideran oportuno colaborar no pulo de todo tipo de actuacións que contribúan a mellorar a situación de nenas e nenos saharauís e estiman conveniente plasmar as liñas xerais da dita colaboración nun instrumento formal que estableza o marco no que se desenvolverán as devanditas actuacións.

Décimo primeiro.- Esta entidade ten acreditado, a través dunha declaración responsable, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e da Seguridade Social.




En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO



O obxecto deste convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do programa Vacacións en Paz 2020, posto en marcha pola Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí e que ten como obxectivo xeral trasladar a 111 nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses do período estival acollidos por familias galegas.



Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

A destinataria inicial será a asociación "Solidariedade Galega co Pobo Saharaí" para desenvolver o programa do que serán beneficiarios finais 111 nenos/as saharauís.

TERCEIRA.- OBXECTIVOS E CONTIDO

Obxectivo Xeral: Trasladar a nenos/as saharauís, procedentes dos campamentos de refuxiados saharauís en Tindouf (Alxeria), para pasar dous meses de verán acollidos por familias galegas.

Obxectivos Específicos: Reivindicar o dereito dos nenos e nenas saharauís a vivir no Sáhara Occidental e poñer de manifesto a situación na que actualmente viven. Facilitar asistencia médica e de alimentación. Promover, entre a sociedade galega, os valores de tolerancia e solidariedade facilitando así a convivencia e integración de todas as persoas na comunidade. Perfeccionar a aprendizaxe da lingua castelán e galega que estudan nos programas escolares. Ofertar unha alternativa de lecer e tempo libre. Evitar a súa estancia nos campamentos durante os meses de xullo e agosto por ter as temperaturas máis altas (máis de 50º).



CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Para o desenvolvemento do programa a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, comprométese a:

- Financiar o Programa Vacacións en Paz 2020 coa cantidade que se indica na cláusula SÉTIMA.
- Ofrecer asesoramento nas dificultades que xurdan durante as diferentes actuacións cando sexan necesarias.
- Facer un seguimento da chegada e retorno dos/das menores participantes no programa.

QUINTA.- COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN PARA A SOLIDARIEDADE GALEGA CO POBO SAHARAUÍ.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí comprométese a:

- Cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e normativa de desenvolvemento.
- Desenvolver o programa obxecto deste convenio tendo en conta a lexislación vixente en materia de inmigración, especialmente o Real Decreto 557/2011, do 20 de abril, polo que se aproba o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, tras a súa reforma pola Lei orgánica 2/2009, así como as recollidas na Resolución do órgano estatal correspondente en materia de emigracións, que se dita con carácter anual e aproba as instrucións polas que se determina o procedemento para autorizar a residencia temporal de menores e a estancia dos monitores, de orixe saharauí, en España no marco do Programa Vacacións en Paz.
- Ter concertada unha póliza de seguro colectivo, seguro de responsabilidade civil e seguro de repatriación.
- Comunicarlle á Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, as datas de regreso dos menores unha vez finalizado o programa, así como as incidencias que puidesen producirse durante o seu desenvolvemento.
- Dar a coñecer mediante a entrega a todas as familias de acollida que participen no programa "Vacacións en paz 2020" no ámbito da



Comunidade Autónoma de Galicia, do programa institucional da Xunta de Galicia denominado "Acollemento Familiar", ben a través da entrega de trípticos, ou ben de xeito directo a través de charlas, reunións ou calquera medio que permita a súa difusión.

- Asesorar ás familias acolledoras respecto dos problemas ou incidencias que puideran xurdir.

SEXTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Aparte do persoal propio co que conta a asociación, os/as menores, de acordo coa lei internacional de seguridade aérea, desprázanse desde o seu lugar de orixe, acompañados de monitores/as e acompañantes, que deberán cumprir coas esixencias establecidas na Resolución do órgano estatal correspondente en materia de emigracións, que se dita con carácter anual e aproba as instrucións polas que se determina o procedemento para autorizar a residencia temporal de menores e a estancia dos monitores, de orixe saharauí, en España no marco do Programa Vacacións en Paz.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que participen no Programa, sexan pertencentes a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, ou sexan monitores/as ou acompañantes dos/das menores, coa Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA.- CONDICIÓNS ECONÓMICAS

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de 100.000,00 €, que se financiará con cargo á partida orzamentaria 13.02.312B.481.0, na que existe crédito axeitado e suficiente, de acordo coa Lei 6/2019, do 23 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2020. A devandita achega económica límitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Dito importe e a entidade beneficiaria aparecen reflectidos especificamente no Plan anual 2020 da cooperación galega.

O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social realizarase, en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



- Tras a sinatura do presente convenio poderase realizar pagamentos parciais a conta, do seguinte xeito:

- 80.000,00 € (80% da cantidade subvencionada), será satisfeita no intre na que se asine o convenio co obxecto de que poida cubrir os custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa e traslado dos menores. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

- Os 20.000,00 € (20% da cantidade subvencionada) restantes, pagaránse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A actividade e os gastos subvencionables, deben xustificarse de conformidade co previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterà:
 - a. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención outórguese consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que faise referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte da órgano encargado do control da documentación presentada, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.
 - c. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

d. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións Galicia, deba solicitar o beneficiario.

3. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí, en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- a) NIF da entidade.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.
- c) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria.
- d) Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- e) Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí a presentación dos documentos correspondentes.

A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre a data de sinatura deste convenio e o 20 de novembro de 2020, e deberá presentarse na Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica con data límite 30 de novembro de 2020.

Sen prexuízo de que o gasto subvencionable no marco deste Convenio de Colaboración abarca unicamente o exercicio 2020 (ata o 30 de novembro), a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí terá como prazo límite o 29 de xaneiro de 2021 para remitir á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social unha memoria final de actuación do dito exercicio 2020.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe total non poderá ser superior ao importe da subvención.

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN E CONTROL

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí deberá satisfacer os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica poida requirirle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

DÉCIMA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), A Lei



orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Os datos persoais recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Política Social, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da súa xestión.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.



DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio ou coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta que estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola conselleira.
- Dous representantes da Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharaí e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio. Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola conselleira de Política Social.

Como órgano Colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 do outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 30 de novembro de 2020.

Non se contempla prórroga deste convenio de colaboración.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓN LITIXIOSAS

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL**



Consello 214/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A subscrición deste convenio debe mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL



artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

Se cando concorra calquera das causas de resolución indicadas, existiran actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da comisión de seguimento, vixilancia e control do convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo máximo improrrogable de 3 meses para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado 2 do devandito artigo 52.

DÉCIMO QUINTA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

De conformidade co disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia; co establecido nos artigos 15 e 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 e co disposto nos artigos 18 e 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e coa autorización expresa das entidades beneficiarias, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).






E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican por triplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL,
A conselleira


Fabiola García Martínez

POLA ASOCIACIÓN
SOLIDARIEDADE GALEGA CO
POBO SAHARAUÍ,
A presidenta


Maite Isla Avión



Anexo

Distribución dos gastos para o Programa Vacacións en Paz 2020:

TIPO DO GASTO	CUSTO (€)
Billetes de ida e volta de 111 menores saharauís	98.790,00 €
Seguro de responsabilidade civil	283,05 €
Seguro de accidentes colectivo e repatriación	283,05 €
* Material funxible necesario para a elaboración do programa	532,15 €
*IVA (21%) so para esta última partida xa que os billetes de avión e os seguros están exentos de IVA.	111,75 €
Total	100.000,00 €